

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**MARÍN**

**Persoal, oposicións**

*BASES PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE GARDA MUSEO*

**BASES PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORIA DE GARDA MUSEO**

*I.—OBXECTO DA CONVOCATORIA*

Esta convocatoria ten por obxecto a selección de persoal para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Garda Museo, pertencente a Escala de Administración Especial, clase Cometidos especiais, encadrada no Grupo de Titulación C, subgrupo C1, CD Nivel 17 e CE anual para 2019 de 5.115,88 €, polo sistema de OPOSICIÓN, para os supostos en que sexa precisa a provisión interina de prazas na categoría de Garda Museo.

As principais tarefas do posto de Garda de Museo, segundo a RPT do Concello de Marín son:

1. Atender ao público presencial, telefónica e telematicamente.
2. Informar aos cidadáns sobre recursos e opcións dispoñibles no museo municipal.
3. Vixiar e controlar os accesos ás instalacións do Museo municipal.
4. Custodiar as obras expostas no museo e manexar as distintas chaves do Museo municipal.
5. Apertura e peche de portas, luces e xanelas.
6. Prendido, control e apagado da calefacción e da electricidade.
7. Revisar as obras das exposicións do Museo municipal, dando conta ao seu responsable de calquera incidencia.
8. Coidado do perfecto estado do material e ferramentas empregadas na súa area de traballo.
9. Realizar o reparto do correo, documentos ou material do Museo.
10. Fotocopiar, ensobrar e selar documentos relativo ao Museo.
11. Realizar tarefas sinxelas de pequeno mantemento das instalacións municipais que non requiran cualificación específica.
12. Realizar pequenas compras e xestións sinxelas en organismos ou institucións públicas ou privadas.



Mércores, 22 de maio de 2019

Núm. 96

13. Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do Servizo adscrito.

A presente bolsa estará en vigor ate a creación dunha nova bolsa de emprego na categoría DE GARDA MUSEO e deixa sen efecto calqueira bolsa existente no Concello na devandita categoría.

## II.—SISTEMA DE ACCESO DE SELECCIÓN

A selección dos aspirantes que conformarán a bolsa na categoría de Garda Museo, efectuarase polo sistema de oposición.

## III.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

3.1 Os aspirantes deberán posuír, no día en que remate o prazo para a presentación de solicitudes de participación, os seguintes requisitos:

a. Ter a nacionalidade española, ou atoparse comprendido no eido do disposto no artigo 57 do RD Lex. 5/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.

b. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non excederen, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c. Estar en posesión do título Bacharelato ou Técnico, ou titulacións equivalentes, ó día en que remate o prazo de presentación de instancias. As equivalencias deberán de acreditarse polos aspirantes.

Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente homologación.

d. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da categoría de Garda Museo, non padecer ningunha enfermidade nin estar afectada por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e. Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

g. Ter aboado os dereitos de exame por importe de 18,03 euros, que poderá efectuarse na Tesourería Municipal do Concello ou mediante ingreso na conta xeral do Concello nº ES95- 2080-5430-24-3110102174. Estarán exentos do pago da taxa aquelas persoas que estean inscritas no Servicio Público de Emprego, sempre que non estén cobrando ningún tipo de prestación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: 5HQ9E9DGM04LGG



Estarán exentos do pago da taxa por “Solicitude para tomar parte no procedemento para a selección e promoción do persoal” aquelas persoas que estén inscritas no Servicio Público de Emprego, sempre que non estén cobrando ningún tipo de prestación, debendo acreditar axeitadamente ditas circunstancias.

3.2 Os requisitos precedentes deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias.

#### IV.—SOLICITUDES

4.1 As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo, deberán facelo constar mediante instancia/solicitude que se axustará ao modelo que figura como Anexo I desta convocatoria, que deberá presentarse no prazo de DEZ DÍAS hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. A convocatoria e as bases da mesma serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Os restantes anuncios do proceso selectivo serán publicados no Taboleiro de Anuncios do Concello.

4.2 A dita instancia deberá acompañar a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do DNI.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- No seu caso, fotocopia do certificado oficial acreditativo do coñecemento da lingua galega.
- Xustificante do aboamento dos dereitos de exame, por importe de 18,03 euros ou acreditación de estar exento do pago das mesmas.
- Declaración responsable manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

4.3 A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Marín, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres.

As instancias tamén poderán ser presentadas nas formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### V.—ADMISIÓN DE PARTICIPANTES

5.1 Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldesa ditará Resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión. Esta Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

5.2 Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de CINCO DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte o da publicación da Resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello para a subsanación dos defectos ou omisións, así como para efectuar reclamacións.

Mércores, 22 de maio de 2019

Núm. 96

5.3 Rematado dito prazo A Alcaldesa, mediante Resolución pola que aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, procederá á designación dos membros do tribunal cualificador e convocará aos admitidos para a realización do primeiro exercicio. Dita Resolución se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

5.4 No caso de que dende un primeiro momento non houbera ningún aspirante excluído, ditarase Resolución aprobando a listaxe definitiva de admitidos. Na mesma Resolución determinarase a designación do Tribunal cualificador así como o lugar, data e hora da celebración dos exercicios. Esta Resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

#### VI.—ÓRGANO DE SELECCIÓN

6.1 Os membros do Tribunal Cualificador deste proceso selectivo serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no art. 4, e) e f) do Real Decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60.1 do RD. Legislativo 5/2015, “Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá axustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.”

6.2 A composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 59.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia non podendo ser parte do mesmo o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, ou persoal eventual e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou houberan colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

O Tribunal estará integrado por:

*Presidente/a:* un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.

*Secretario/a:* un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.

3 Vogais:

- Dous/dúas funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
- Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de



nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal e que actuará, en todo caso, a título individual.

6.3 A composición nominal dos membros do Tribunal Cualificador farase pública coa resolución, aprobando a listaxe definitiva de admitidos ao proceso, que será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Así mesmo, na resolución na que se designe a composición nominal do Tribunal nomearanse suplentes de cada un dos membros do mesmo.

6.4 O Tribunal Cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a Presidente/a e do/a Secretario/a.

6.5 Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e no artigo 13.2 do RD 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios da Administración Xeral do Estado.

6.6 Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

6.7 O Tribunal quedará facultado para resolver tódalas dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nas presentes bases.

6.8 A actuación do tribunal rexerese polo disposto nas presentes bases e na Lei 40/2015.

6.9 O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunha/s das probas que compoñen o proceso selectivo. Neste caso, os asesores terán dereito ás indemnizacións previstas para os vogais.

## VII.—PROBAS SELECTIVAS

7.1 O sistema de selección dos aspirantes será o de oposición.

7.2 FASE DE OPOSICIÓN (ate unha puntuación máxima de 25 puntos)

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que no momento de publicación no BOP das presentes bases contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

7.2.1 Os aspirantes deberán acudir á celebración dos exercicios provistos do seu Documento Nacional de Identidade ou documento equivalente, podendo o tribunal requirilos en calquera momento para que acrediten a súa identidade.



7.2.2 Os aspirantes serán convocados, en chamamento único, e salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo tribunal, a non presentación de un aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado, determinará automaticamente a perda do seu dereito a participar nos exercicios e, en consecuencia, quedará excluído do proceso selectivo.

Para a superación da mesma será precisa a superación de todos os exercicios da Fase de oposición.

7.2.3 Os exercicios da oposición serán os seguintes:

**PRIMEIRO EXERCICIO.**—De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas e todos os aspirantes:

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 50 (50) preguntas tipo test, máis dez (10) de reserva, con catro (4) respostas alternativas cada unha de elas, das cales só unha delas será a correcta, correspondentes ao temario que figura como Anexo II. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 90 minutos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas descontarase unha correcta ou a súa parte proporcional.

**SEGUNDO EXERCICIO.**— Así mesmo obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos, que estarán relacionados coas materias do programa que figura no anexo II desta convocatoria, no tempo que determine o tribunal.

O Tribunal poderá acordar que o exercicio sexa lido obrigatoriamente polos aspirantes en sesión pública. Unha vez lido, o Tribunal poderá realizar cantas preguntas considere necesarias.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

**TERCEIRO EXERCICIO.**— De carácter igualmente obrigatorio e non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, e avaliarase de 0 a 5 puntos.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 5 puntos.

As cualificacións de cada exercicio faranse públicas o mesmo día en que se acorde e serán expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Marín.

Os aspirantes, que en calquera momento poderán ser requiridos para acreditar a súa identidade, deberán presentarse as probas provistos do documento acreditativo da mesma, así coma dos medios materiais axeitados para a práctica das mesmas.

Na realización do exercicios escritos deberá garantirse, sempre que sexa posible, o anonimato dos aspirantes.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e a súa non presentación no momento de ser chamados suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal.

Os aspirantes disporán dun prazo de TRES (3) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación polo tribunal do anuncio relativo as puntuacións obtidas en cada un dos exercicios para formular alegacións ou reclamacións ás mesmas.

O Tribunal formulará proposta de formación de bolsa atendendo A CUALIFICACIÓN FINAL dos aspirantes que virá dada pola suma das cualificacións obtidas nos exercicios da fase de oposición. No caso de empate na cualificación final entre dous ou máis aspirantes o mesmo será resolto acudindo a puntuación obtida no primeiro exercicio e de persistir o empate a nota do segundo exercicio.

De ser preciso por persistir o empate este desfarase mediante sorteo ao que se convocará aos aspirantes.

A orde de prelación na bolsa de emprego dos aspirantes que superen o proceso selectivo determinarase de acordo coa cualificación final en orden decrecente de maior a menor cualificación final.

Os aspirantes disporán dun prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar reclamacións á proposta de formación de bolsa que formule o Tribunal.

### VIII.—FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

8.1 No caso de que fose preciso o nomeamento interino de funcionario/s na categoría de Garda Museo, chamarase aos compoñentes da bolsa pola súa orde na mesma. O chamamento efectuarase telefonicamente.

8.2 Os aspirantes incluídos na bolsa de emprego que sexan nomeados funcionarios interinos, una vez rematada a interinidade, volverán á mesma na orde que lles correspondía na bolsa de traballo no momento en que foron chamados.





Mércores, 22 de maio de 2019

Núm. 96

8.3 O aspirante que formando parte da bolsa de traballo sexa chamado para o seu nomeamento e renunciase o mesmo, será relegado a última posición na mesma. A renuncia o nomeamento por causa xustificada (estar traballando por conta propia ou allea, facendoo constar de xeito fehaciente, ou enfermidade debidamente xustificada) determinará que non se perda a orde na bolsa de traballo procedéndose ao chamamento do seguinte aspirante na orde da bolsa de traballo.

8.4 A renuncia por causa xustificada ao nomeamento como funcionario interino por dúas veces suporá a perda da orde na bolsa de emprego relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma.

8.5 O/a aspirante que tendo sido nomeado/a funcionario/a interino/a renuncie ao posto será excluído/a da bolsa de traballo.

8.6 Naqueles supostos en que un aspirante sexa nomeado funcionario interino por substitución transitoria de un funcionario, e unha vez rematada dita situación o funcionario substituído non se reincorpore ao posto e sexa preciso realizar, un novo nomeamento, ben por nova substitución do funcionario ou ben por vacante da praza, o nomeamento como funcionario interino realizarase a favor do funcionario interino que viña realizando a substitución transitoria.

#### IX.—PUBLICIDADE DO PROCEDIMENTO

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación das bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e dos restantes anuncios no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

#### X.—DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

*Primeira.*—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, no Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

*Segunda.*—As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/ as no caso e na forma establecidos na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, así como na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

*Terceira.*—Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a súa publicación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: 5H2N9E9DGM04LCGG





Mércores, 22 de maio de 2019

Núm. 96

Así mesmo, os/as interesados/as poderán interpoñer Recurso potestativo de Reposición perante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes dende a súa publicación. Neste caso, non se poderá interpoñer Recurso Contencioso – Administrativo ata a resolución expresa ou presunta do Recurso de Reposición, de acordo co previsto nos arts. 123 e ss da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común.

*ANEXO I:  
MODELO INSTANCIA*

D/a \_\_\_\_\_, con DNI número \_\_\_\_\_, e enderezo en (Rúa/Lugar) \_\_\_\_\_ (Localidade) \_\_\_\_\_ (Municipio) \_\_\_\_\_ (Código Postal) \_\_\_\_\_, e nº de teléfono \_\_\_\_\_.

*EXPÓN:*

Que enterado/a da convocatoria de selección de persoal para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Garda Museo, polo sistema de oposición,

*MANIFESTA:*

1.—Que coñece as Bases e os criterios de selección de esta convocatoria, que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na mesma e que son certos todos e cada un dos datos consignados en esta solicitude e na documentación que á mesma se acompaña.

2.—Que achega a seguinte documentación esixida na Base Cuarta:

- fotocopia cotexada do Documento Nacional de Identidade.
- fotocopia cotexada da titulación académica esixida.
- xustificante de aboamento dos dereitos de exame.

SOLICITA: Que previos os trámites oportunos teñan por presentada en tempo e forma a presente solicitude, e na súa virtude proceda a admitirme no proceso de selección antes referido.

Marín a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Asdo.:

*ANEXO II: TEMARIO*

Tema 1. A Constitución española de 1978: Principios, dereitos e deberes dos españois

Tema 2.—O termo municipal. Creación e supresión de municipios. Alteración de termos municipais. Normativa autonómica.



Mércores, 22 de maio de 2019

Núm. 96

Tema 3.—A organización municipal. Organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios: o Pleno, organización e atribucións; o Alcalde e os tenentes de alcalde; a Xunta de Goberno Local. Organización e atribucións.

Tema 4.—As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, obrigatorias e distintas de propias.

Tema 5. A lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Disposicións xerais. Interesados no procedemento. Actividade na administración pública. Actos administrativos.

Tema 6. A lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Garantías do procedemento. Iniciación, ordenación e instrucción.

Tema 7. A lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Terminación do procedemento. A tramitación simplificada. Execución.

Tema 8. A lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Revisión de oficio. Recursos administrativos.

Tema 9. A lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Principios da potestade sancionadora. Medidas sancionadoras administrativas. Especial referencia á potestade sancionadora local. Responsabilidade da Administración Pública. Os presupostos da responsabilidade. A acción e as especialidades do procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das autoridades e o persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Tema 10.—A función pública local: concepto e clases de persoal. Organización da función pública local. Adquisición e perda da condición de persoal funcionario. Situacións.

Tema 11.—Dereitos e deberes dos funcionarios públicos. Dereitos económicos. Réxime disciplinario

Tema 12.—O concepto de museo. Educación e acción cultural. O público e o museo

Tema 13.—Protección de los bienes en los museos. Almacenamiento, manipulación, embalaje y transporte de bienes culturales en el Museo

Tema 14.—Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG de 16/05/2019): Títulos Preliminar e I.

Tema 15.—Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG de 16/05/2019): Títulos Preliminar II e III.

Tema 16.—Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG de 16/05/2019): Títulos Preliminar IV e VIII



Mércores, 22 de maio de 2019

Núm. 96

Tema 17.—Decreto 314/1986, DE 16 DE OUTUBRO, polo que se regula o sistema que se regula o sistema público de Museos da Comunidade Autónoma (DOG de 7 de novembro de 1986).

Tema 18.—O Museo de Marín: orixe e desenvolvemento.

Tema 19. A Obra de Manuel Torres Martínez.

Tema 20.—Bosquexo biográfico de artistas Marineses de época (mediados de los años 1920-1960) de recoñecido prestixio: Lino Martínez Villafines, Juan Martínez Miguez, Gabino Rey, José Solla Crespo, Juan Garcés, Ángeles Iglesias, María Paz Gulias.

Asdo. María Ramallo Vázquez

ALCALDESA-PRESIDENTA

